

Sitúa na liña do tempo os seguintes feitos:

- Semana Tráxica. 1.909
- Proclamación de Alfonso XIII. 1.902
- Desastre de Annual. 1.921
- Folga xeral de 1917.
- Golpe de Estado de Primo de Rivera. 1.923
- Eleccións municipais nas que os cidadáns apoian a República. 1.931
- Dimisión de Primo de Rivera. 1.930
- Marcha de Alfonso XIII ao exilio. 1.931

Que conflitos se produciron durante o reinado de Alfonso XIII? Explica en que consistiron.

- As folgas: alentadas polos sindicatos para tratar de mellorar as condicións laborais dos traballadores.
- Nacionalismo: En Cataluña, o País Vasco e Galicia xurdiron movementos que reclamaban autonomía para os seus territorios.
- A guerra en Marrocos: como consecuencia da sublevación dos habitantes do norte de Marrocos contra o exército español.

Por que protestaba o pobo na Semana Tráxica?

O pobo protestaba polo envío de soldados (obreiros e campesiños na súa maioría) á guerra de Marrocos.

Por que os convocaron os sindicatos a Folga Xeral de 1917?

Para protestar pola subida de prezos e as malas condicións en que vivían os obreiros.

Que é unha ditadura?

Unha ditadura é un sistema político autoritario na que todo o poder do Estado se concentra nunha persoa (ou grupo de persoas) que non foi escollida polo pobo, ao que non poden controlar e cuxas decisións non poden criticar nin opoñerse a elas.

Que medidas adoptou Primo de Rivera durante a súa ditadura?

- Asumiu todos os poderes do Estado.
- Suspendeu a Constitución.
- Prohibiu os partidos políticos e os sindicatos.
- Limitou as liberdades dos cidadáns.

Cando e por que rematou a monarquía? Que ocorreu con Alfonso XIII?

A monarquía rematou en 1.931 cando se convocaron unhas eleccións nas que gañaron os partidos políticos que apoiaban a República.

Vendo este resultado Alfonso XIII renunciou ás súas funcións e marchou ao exilio.

